matriculados na liña investigadora (algo máis do 15% en termos porcentuais), aos que hai que sumar unha persoa máis que realizaba o máster a tempo parcial. Porén, a recuperación da importante presenza da liña investigadora produciuse no curso actual 2014-2015. Dentro dos alumnos que optaron pola vía da investigación mantense de maneira moi evidente a diversidade de formación previa e a variedade de programas de doutoramento aos que finalmente accederon.

6. Neste sentido, cómpre subliñar como novidade e como un activo do título a recuperación xa efectiva do programa de doutoramento da Facultade de Humanidades, e a conversión deste en interuniversitario grazas ao establecemento dun protocolo de colaboración coa Universidade francesa de Haute-Bretagne-Rennes II. Nun momento de recesión económica como o que vivimos, o máster en Servizos Culturais cumpre tamén a función de poñer a disposición dos titulados de letras que viven no contorno da cidade de Lugo unha formación de posgrao que se concibe como unha ponte para o posterior acceso ao doutoramento, ben dentro deste programa ben dentro dalgún outro. Neste sentido, cabe sinalar a existencia dun número reducido, mais significativo, de alumnos que se decantan por cursaren as dúas liñas do máster, xeralmente comezando pola profesional pero valorando as vantaxes formativas que para a continuación dos estudos e a elaboración dunha tese de doutoramento achega o feito de cursar tamén a liña investigadora .

BOAS PRÁCTICAS:

1. As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título, transformación do título en semestral e apoio á súa internacionalización, etc.
2. Deseño dunha nova memoria que amplía e actualiza a xustificación do título.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Continuar coa intención (e efectiva realización) de dotar ao título dunha dimensión práctica máis desenvolvida: Desenvolvemento planificado e presentado coa debida antelación dunha serie de xornadas prácticas, distribuídas equilibradamente ao longo do ano académico, centradas cada unha delas na presentación, por parte dos seus protagonistas, dunha experiencia de xestión cultural sobranceira ou, en todo caso, útil para a formación dos alumnos do título. O financiamento das actividades farase a través do orzamento do máster, o horario destas será pactado cos alumnos e ao seu remate realizarase unha enquisa de valoración. Esta proposta de mellora xa se está aplicando no momento actual e deu como resultado no presente curso o lanzamento do espazo de traballo CulturaLab, asociado ao máster, con financiamento institucional (Deputación de Lugo) e que se presentará en vindeiras semanas (principios de novembro) como opción para que os alumnos do máster realicen un TFM titorizado por especialistas do ámbito da xestión cultural. Alén do financiamento externo captado, o máster investirá tamén nesta iniciativa, ao considerala estratéxica tanto para dalo a coñecer como para mellorar a calidade dos Traballos Fin de Máster.

No curso obxecto da presente avaliación, desenvolvéronse unha serie de xornadas orientadas á formación práctica dos titulados en horario extraacadémico. En concreto evouse a cabo a xornada "Sargadelos: a recuperación da memoria histórica" (18 e 19

<p>de novembro de 2013) e realizouse tamén unha sesión de traballo por parte de Comba Campoy, estudosa do fenómeno dos titiriteiros en Galicia e en Europa e responsable do proxecto de recuperación cultural "Barriga Verde".</p>	
<p>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</p>	<p>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</p>
<p>Na memoria nova non se modifica senón que se amplía e explicita a xustificación da que se partía na memoria anterior.</p>	<p>Entendemos que os aspectos básicos que definen o máster seguen sendo válidos: formación de posgrao para o desenvolvemento da profesión de xestor/a cultural, nun contexto dinámico en que a iniciativa privada e a administración comparten espazo nas actividades culturais ás que acceden os e as cidadás. Con todo, a liña argumental desde a que se aborda a descrición segue sendo a mesma.</p>

Competencias/Obxectivos							
<i>Valorarase o criterio de "Competencias" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Obxectivos do plan de estudos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>1. O punto de partida do comentario deste apartado é a indicación de que o título obxecto de avaliación está sendo sometido a nova verificación, logo de que a súa comisión académica elaborase unha nova memoria. Esta foi xa aprobada por todos os órganos da USC pertinentes e no momento actual (outubro de 2014) vai ser enviada á ACSUG para a súa valoración.</p> <p>2. A reforma do título que, segundo se sinalou, está xa en marcha, supuxo un arduo e debatido proceso de elaboración das competencias e obxectivos sinalados para o título, así como a súa actualización e posta ao día. Neste sentido, a nova relación de competencias xerais, transversais e específicas que se inclúe na memoria renovada parécenos máis acaída e axustada ás circunstancias reais da xestión cultural, e supoñerá unha ferramenta activa de importancia tanto para o control como para o desenvolvemento da docencia a partir da súa implantación.</p> <p>3. Cabe sinalar que a modificación dos obxectivos e competencias do título que se inclúe na nova memoria coa finalidade de facelos máis acaídos á realidade da xestión cultural non se fundamentou tanto no resultado de informes formalizados de satisfacción coa docencia recibida, impartida ou coas prácticas realizadas (cuxas cifras son aceptables e en xeral semellantes ás doutros títulos de máster da nosa universidade), senón na percepción, por parte do profesorado pero sobre todo do alumnado, de que o máster debía contar con obxectivos máis concretos e próximos aos ámbitos laborais aos que se dirixe. A escasa información contida na memoria de referencia do título que estaba en vigor, a cal nin sequera contemplaba o concepto "competencia" e se traballaba unicamente con obxectivos, fixo necesario comezar de cero na elaboración consensuada deste apartado.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <p>1. As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, semestralización, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título, semestralización e impulso ás medidas de internacionalización do máster, etc.</p> <p>2. Elaboración dunha memoria nova para o título que reorganiza e actualiza as competencias a el asociadas.</p>							

<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Pertinencia neste criterio da proposta de mellora desenvolvida por extenso no apartado anterior: a modificación do título destinada a dotalo dunha dimensión práctica máis desenvolvida mellorará os obxectivos e competencias do título, que a comisión académica do máster revisou e reorganizou de maneira integral.</p>	
<p>BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS</p>	<p>XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS</p>
<p>Reelaboración das competencias do título na nova memoria académica do máster.</p>	<p>A memoria anterior non especificaba competencias, senón obxectivos, correspondíase ademais cunha versión do título que xa non existe e non visibilizaba correctamente a natureza do título e a súa vocación de ocupar un espazo central na formación práctica para a xestión cultural dentro da nosa comunidade autónoma.</p>

Acceso e admisión de estudantes						
<i>Valorarase o criterio de "Acceso e admisión de estudantes" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Política e procedementos de admisión" do Programa FIDES-AUDIT.</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais
						D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>1. O punto de partida do comentario deste apartado é a indicación de que o título obxecto de avaliación está sendo sometido a nova verificación, logo de que a súa comisión académica elaborase unha nova memoria. Esta foi xa aprobada por todos os órganos da USC pertinentes e no momento actual (outubro de 2014) vai ser enviada á ACSUG para a súa valoración.</p> <p>2. A análise dos datos que achegan os indicadores asociados a este criterio pode ser atender a varios aspectos. Canto á orixe dos estudantes, detéctase unha certa inestabilidade na captación de alumnos de fóra de Galicia (IN09M-PC-05, no curso obxecto de avaliación non hai ningún) e estranxeiros (IN08M-PC-05, algo mellor este curso do que a media USC, pero claramente necesitado dunha intervención específica para recuperarse). O informe de procedencia xeográfica dos estudantes do título (INF 16) sinala porén unha importante variedade dentro da Comunidade Autónoma, cun predominio evidente dos residentes na provincia de Lugo.</p> <p>Resulta evidente que o título ten que gañar en atractivo para os estudantes foráneos, e neste sentido cremos que a súa conversión nun plan normalizado en semestres en canto ao seu proceso de impartición vai ser de grande axuda. Ademais, Para afianzar o proceso de captación nestes dous nichos de mercado, realizamos xa ao longo deste ano as medidas que se sinalaron no comentario dos dos ítemos anteriores relacionadas coas accións de publicidade; continuaremos ademais da continuación das conversas conducentes a transformar o máster nunha titulación cun perfil internacional, cuestión esta para a que nos axudará moito o feito de dispoñer dun programa de doutoramento internacional como o que temos xa no momento actual. Tamén o feito de que o plan de choque para o campus de Lugo que se puxo en marcha neste curso académico vaia ter unha dimensión relacionada cos posgraos, incidindo na súa difusión, pode promover unha visibilización conxunta dos títulos asociados ao campus de Lugo que beneficie ao noso.</p> <p>3. Canto aos datos relativos ao perfil cuantitativo de acceso dos estudantes (IN01M-PC-05, IN02M-PC-05, IN03M-PC-05, IN04M-PC-05, IN05M-PC-05) xa se comentaron por extenso na análise do primeiro dos aspectos, glosando naquel momento a evidencia dunha recuperación da matrícula que se poderá continuar e aumentar grazas tanto a medidas de difusión do título como á mellora na súa calidade obxectiva que supoñerá a modificación que se agarda implantar no vindeiro curso.</p>						
BOAS PRÁCTICAS:						

1. As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título, semestralización e apoio á internacionalización.
2. Melloras no título especificamente asociadas con esta cuestión: creación do coordinador de docencia, adianto cronolóxico dos principais procesos nos que se ven implicados os estudantes do título (asignación de titor e prácticas, principalmente)
3. Esfuerzo de reflexión e reelaboración na memoria nova do título acerca desta cuestión.

PROPOSTAS DE MELLORA

1. Pertinencia neste criterio da proposta de mellora 1 das sinalada para o criterio "Descrición do título": como parece evidente dado o carácter transversal da proposta, a mellora da política de publicidade do título con vistas a dotala de personalidade propia e a procurar a súa incidencia nos nichos de mercado naturais do título redundará nunha maior captación do interese por parte do futuro alumnado. Esta proposta de mellora foi xa experimentada con éxito ao longo do presente curso académico, en que a realización de accións encamiñadas a visibilizar o título deron como resultado un aumento importante da súa demanda.

2. Pertinencia neste criterio das propostas de mellora 1 e 2 sinaladas para o criterio "Competencias/obxectivos". O incremento da formación relacionada con espazos reais de xestión cultural non fará senón aumentar a validez do título de cara aos futuros candidatos a cursalo. Nese sentido cabe destacar a importancia da celebración do CulturaLab, laboratorio de proxectos de xestión cultural titorizados que se vai poñer en marcha de inmediato no noso título.

3. Unha vez regularizado o calendario académico do máster, impulsarase a formación internacional dos nosos titulados a través da posta a disposición do alumnado da información requirida para a efectiva utilización dos convenios de mobilidade que temos asinados, o que nestes momentos non é factible dada a estrutura trimestral do título a pesar de estar dispoñibles os convenios correspondentes. Para esta finalidade achegaráselles información sobre esta cuestión na xornada de acollida inicial. Esta deberá ser complementada coa elaboración e posta á disposición das persoas que cursan o título dunha base de datos de información sobre bolsas en institucións tanto públicas como privadas que poidan financiar total ou parcialmente a estada no estranxeiro das persoas que cursen o máster. Neste sentido, é importante sinalar o desenvolvemento do proceso de internacionalización do título que se verá complementado de maneira moi evidente pola posta en marcha do programa de doutoramento interuniversitario coa Universidade de Haute Bretagne-Rennes II, a continuación natural para aqueles dos nosos alumnos que desexen continuar os seus estudos (véxase a reflexión sobre o criterio 1).

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS

XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS

<p>Na memoria nova non se incorporan modificacións acerca deste apartado.</p>	<p>A propia modificación do título, dada a súa entidade (reflexión sobre as competencias, semestralización, semipresencialidade) actuará como catalizador para provocar mellorar na captación de estudantes.</p>
---	--

Planificación das ensinanzas							
<i>Valorarase o criterio de "Planificación das ensinanzas" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Planificación da ensinanza", "Garantía da calidade dos programas formativos" e "Xestión do proceso de ensinanza-aprendizaxe" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>1. O punto de partida do comentario deste apartado é a indicación de que o título obxecto de avaliación está sendo sometido a nova verificación, logo de que a súa comisión académica elaborase unha nova memoria. Esta foi xa aprobada por todos os órganos da USC pertinentes e no momento actual (outubro de 2014) vai ser enviada á ACSUG para a súa valoración.</p> <p>2. O esforzo, mencionado no informe do curso anterior, en promover unha relación fluída entre todos os membros da comisión académica do título que redundase nunha mellor xestión, intensificouse neste curso por causa da necesidade de planificar e executar a memoria nova do título. No curso 13-14, houbo cando menos unha reunión mensual da comisión, extraordinaria ou ordinaria.</p> <p>3. A elaboración dun novo programa académico para o título de máster supuxo, como se indica, un importante esforzo de planificación por parte das unidades de xestión do título (coordinación e comisión académica). Este proceso tivo lugar en varias fases ao longo de todo o curso académico 2013-2014 e procurouse que fose o máis participativo e aberto que fose posible, dando cabida a todas aquelas ideas que cadrasen ben cos obxectivos propostos (perfil práctico, especialmente) aínda que estas non xurdisen das áreas anteriormente presentes no máster, pois considerouse que no momento en que se planificaba a reforma era tamén pertinente abrilo a novas posibilidades formativas. A supervisión do novo programa académico recaeu na comisión académica, que fixo un traballo ímprobo examinando as propostas que as distintas áreas e profesores ían achegando. O produto final foi sometido á aprobación da Xunta de Facultade de Humanidades e aprobado por unanimidade.</p> <p>4. Noutra orde de cousas, cómpre sinalar que o esforzo de planificación que os profesores aplicaron na impartición das materias do máster, así como a implantación no centro do SGIC, traducíuse tamén nunha liña de incremento das guías docentes da titulación, boa proba de que o profesorado se está facendo consciente da necesidade xa non só de realizar o seu labor de xeito planificado, senón tamén de poñer a disposición dos alumnos unha ferramenta que concrete, acerca das aulas que se lles van impartir, aspectos tales como a súa periodicidade, a duración de cada un dos temas e as actividades que se vinculan a estes. Este incremento da consciencia, por parte do profesorado, acerca da necesidade de cumprir en prazo as súas obrigas académicas, explica tamén a diminución na porcentaxe de actas fóra de prazo (IXA-M04), que no momento actual é considerablemente menor que a media da USC. Se temos en conta as cifras porcentuais das que partíamos o curso pasado (40%), cremos que se fixo un importante esforzo neste sentido. Cremos que este esforzo se reflicte</p>							

claramente nos bos resultados obtidos nas preguntas de planificación dentro da enquisa de satisfacción do alumnado.

5.- No que ten que ver co alumnado e alén do bo comportamento dos indicadores básicos, relativos ao perfil académico de acceso dos alumnos, xa sinalamos no informe de seguimento do curso anterior que a reforma do título que planeamos e agardamos que se aprobe permitirá mellorar os resultados lixeiramente inferiores a respecto da media USC de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (IN46M-S01-PM-01). Como comentabamos no informe do ano pasado, cremos que é a estrutura trimestral, coa súa carga de traballo extra, a que está incidindo neste peor comportamento do indicador. Logo da implantación da modificación do título, esta situación verase probablemente solventada. Con todo, cabe destacar que o resto dos indicadores de satisfacción (do profesorado coa docencia impartida: IN47M-S01-PM-01; dos titores externos cos programas de prácticas externas: IN20M-PC-09; dos egresados coa información pública disponible: IN23M-PC-12) son homologables ás medias USC, o que pode ser interpretado como un correcto desenvolvemento do criterio.-

6. Canto á porcentaxe de estudantes que realizan prácticas externas, cómpre subliñar a ausencia de validez para este máster do indicador que fai un reconto lineal de todos eles, sen ter en conta a circunstancia de que se trate daqueles alumnos e alumnas que escolleron a vía profesional ou a investigadora. Esta cuestión xa se destacou convenientemente no informe de seguimento do curso pasado, e como daquela o relativamente baixo resultado parecía atribuíble ao incremento relativo de alumnos que escollen a vía investigadora, aspecto este que se mantén no curso obxecto de avaliación no momento actual. Con todo e a este respecto cómpre sinalar que o IN19M-PC-9 indica que o grao de satisfacción dos estudantes que realizan prácticas externas con estas é superior á media USC, e o IN22M-PC-09 sinala que mesmo dada esta peculiaridade do título (o feito de que os estudantes da liña profesional non realizan estas prácticas externas), a porcentaxe de estudantes que as realizan é algo superior á media da USC.

BOAS PRÁCTICAS:

1. As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título, melloras en procesos tales como a elaboración e valoración do TFM, na adxudicación das prácticas e na determinación do titor académico (cronolóxicas ou cualitativas), semestralización e impulso á internacionalización do máster.
2. Reflexión e mellora da redacción deste epígrafe na nova memoria do título.

PROPOSTAS DE MELLORA:

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
	Considerouse pertinente propoñer dous

Elaboración, na memoria nova, dun novo currículo académico para o título.	itinerarios diferenciados e abrir de maneira notable as posibilidades de optatividade, para atender á demanda de maneira individualizada.
---	---

Recursos humanos							
<i>Valorarase o criterio de "Persoal académico" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade do persoal académico e de administración e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusiones:							
<p>1. O punto de partida do comentario deste apartado é a indicación de que o título obxecto de avaliación está sendo sometido a nova verificación, logo de que a súa comisión académica elaborase unha nova memoria. Esta foi xa aprobada por todos os órganos da USC pertinentes e no momento actual (outubro de 2014) vai ser enviada á ACSUG para a súa valoración.</p> <p>2. Como sinalabamos na reflexión feita sobre este epígrafe no informe de seguimento do curso pasado e como daquela dicíamos, deseñado a custo cero, utilizando case en exclusiva os recursos docentes da Facultade de Humanidades de Lugo, segue sendo válida a afirmación de que o máster en Servizos Culturais está non obstante próximo ao resto dos títulos superiores da Universidade de Santiago canto aos indicadores básicos relacionados co status e capacidades docentes e investigador/as do seu profesorado (IN24M-PS-01, IN25M-PS-01 e IN26PS-01). Con todo, é certo que nestes tres indicadores o título presenta cifras menos elevadas; para xustificar esta situación podemos aludir a varias circunstancias: (a) a situación específica dalgunhas áreas con titulares de escola non doutores cuxa dedicación principal mudou cara ás facultades, ao desaparecer ou minimizarse o seu encargo docente no posto de traballo orixinal; (b) o feito de que o máster dá cabida a profesores novos, que debido ás circunstancias actuais atopan maiores problemas para a súa estabilización. En calquera caso, cremos enriquecedor para o título o feito de contar coa achega de docentes de áreas diversas, e na reforma do máster que nestes momentos se está a someter a unha nova verificación a filosofía de traballo foi a de contar coa achega de todas aquelas persoas da Facultade de Humanidades que estivesen interesadas en impartir docencia no título, con independencia da súa situación contractual ou rendemento investigador (sempre e cando estivesen dispostas a aceptar a orientación práctica e aplicada da reforma).</p> <p>3. Desde o principio ademais intentouse paliar a carencia de profesorado ligado a determinadas áreas de coñecemento que se consideraba preciso introducir no título a través do convite a profesores doutros centros do campus de Lugo (ADE) ou de Santiago (Historia e Filoloxía) para que se encargasen de materias concretas no plano de estudos, convite que estes aceptaron xenerosamente (a cambio, iso si, de que o desprazamento ao campus de Lugo non lles supuxese un custo económico adicional: o posgrao financiou as viaxes) e que permitiu incorporar ao máster áreas de coñecemento tales como Lingua Portuguesa ou Historia de América. A ausencia de financiamento específico para o título desde a Universidade de Santiago impediu ata o momento actual incorporar de maneira significativa docentes ocupados/as de aspectos prácticos concretos da xestión cultural. Con todo, é decisión da Comisión Académica do</p>							

título investir a escasa financiación coa que se conta en accións destinadas a propiciar o contacto dos alumnos/as cos ámbitos concretos en que desenvolven o seu traballo os xestores culturais. Neste sentido, a reforma do programa de estudos do máster supón a ampliación na captación de áreas externas ou pouco representadas na facultade pero que se consideraron necesarias para a mellora da formación dos alumnos, como as ligadas a Marketing, Comunicación Audiovisual e outras.

4. Son favorables e están próximos á media da Universidade ou mesmo a melloran aqueles indicadores que establecen unha ponte entre o número de profesores/as e o número de alumnos, tanto en aulas expositivas como interactivas (IN30M-PS-01, IN31M-PS-01 e IN32M-PS-01).

5. Canto ao cumprimento da boa práctica sinalada para este criterio no curso pasado ("Incorporación de profesores relevantes doutras universidades pola vía internacional, tanto para a impartición das materias do máster como para a composición dos tribunais de defensa dos TFM"), cómpre sinalar que a súa realización está ligada neste momento ás posibilidades de financiamento, dentro das cales a colaboración institucional coa Deputación de Lugo a través do plan de choque para o campus pode abrir novas vías para o financiamento desta boa práctica.

BOAS PRÁCTICAS:

1. As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título, semestralización e apoio á internacionalización.
2. Esfuerzo, para o deseño da memoria nova, por dotar ao título dunha maior variedade de áreas implicadas, para que estas poidan achegar o seu punto de vista acerca dos procesos de xestión cultural real.
3. Realización de xestións personalizadas con docentes da USC doutras áreas e outras facultades (Xornalismo e Comunicación Audiovisual, *Marketing*, etc.), con vistas a que estes aceptasen enriquecer as perspectivas formativas do máster a través das súas achegas, que se concretaron en materias optativas.

PROPOSTAS DE MELLORA

1. Incorporación de profesionais da xestión cultural ao título como participantes nas actividades de carácter práctico. Neste sentido e alén das actividades xa realizadas, é de grande interese a posibilidade de incorporación de novos formadores a través do CulturaLab, un laboratorio de práctica de proxectos culturais en concorrencia competitiva que se realizará no curso académico 2013-14.
2. Desenvolvemento de procesos de mellora formativa ofrecidos aos profesores que actualmente compoñen o corpo docente do título e centrados no manexo do contorno virtual de docencia. Neste sentido a implantación da modalidade semipresencial no título de grao Ciencias da Cultura e Difusión cultural, ligado á facultade, fixo que a porcentaxe de docentes que participan en actividades de formación deste perfil fose moi elevada, creándose mesmo unha comisión delegada da Xunta de Facultade para o apoio a esta cuestión.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
<p>O corpo docente ábrese a novas incorporacións cunha gama máis ampla de orientacións e un evidente enriquecemento na formación que se achega.</p>	<p>A necesidade de atender á demanda de formación específica do alumnado en áreas non humanísticas mais precisas e variadas na formación para a actividade de xestión cultural real.</p>

Recursos materiais e servizos							
<i>Valorarase o criterio de "Recursos materiais e servizos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e a directriz de "Garantía da calidade dos recursos materiais e servizos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<ol style="list-style-type: none"> 1. O punto de partida do comentario deste apartado é a indicación de que o título obxecto de avaliación está sendo sometido a nova verificación, logo de que a súa comisión académica elaborase unha nova memoria. Esta foi xa aprobada por todos os órganos da USC pertinentes e no momento actual (outubro de 2014) vai ser enviada á ACSUG para a súa valoración. 2. A valoración do criterio faise a partir dos informes relativos aos recursos materiais con que conta o centro (número de ordenadores para docencia) e aos que teñen que ver coa Biblioteca Intercentros. A valoración que se pode deducir dos datos existentes non pode ser máis que positiva. Os/as estudantes valoran medio punto máis positivamente no curso obxecto de avaliación os recursos empregados fronte ao ano anterior. 3. Cabe sinalar asimesmo que o centro conta nestes momentos cun sistema de gravación das clases que se utiliza nas aulas semipresenciais de Ciencias da Cultura e que pode ser de grande interese e importancia para a realización desta mesma tarefa na docencia do máster. A adquisición desta infraestrutura, moi importante para a docencia semipresencial, foi adquirida polo centro realizando un moi considerable esforzo (véxase "Boas prácticas" deste mesmo epígrafe). 4. Polo que se refire á política de comunicación da facultade, a mellora da web do centro e a integración deste nas principais redes sociais a través da creación de perfís facilita a difusión das convocatorias existentes. Neste sentido cabe destacar como valor a creación de perfís para o título en Facebook, Twitter e Google +, os que sen dúbida contribuíron a difundir o seu coñecemento e consolidar a súa imaxe. 							
BOAS PRÁCTICAS:							
<ol style="list-style-type: none"> 1. As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, semestralización, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título, semestralización e apoio á internacionalización. 							

2. No proceso de mellora dos recursos audiovisuais para o desenvolvemento das actividades formativas, fixéronse distintas adquisicións cos fondos obtidos na convocatoria de Axudas para a Calidade Docente: dous videoproxectores para a aula de informática do centro e para o Salón de Actos, un ordenador e unha impresora para a aula de Informática, altavoces autoamplificados para a Aula de Informática e para o seminario 214 e cableado VGA para a aula de informática. Dentro das accións dirixidas a paliar certas deficiencias detectadas no material, procedeuse á reparación do cableado da aula 14. Dotouse esta aula co dispositivo "Galicaster Totem Kit" que permite a gravación audiovisual das sesións presenciais da modalidade semipresencial. Este dispositivo foi cedido pola Área TIC da USC. Co mesmo obxectivo adquiriuse, cos fondos da partida de Calidade da USC, un soporte con cámara de gravación audiovisual para a aula 14 e outro para o Laboratorio de Idiomas.

3. Reflexión sobre a cuestión durante o proceso de elaboración da memoria nova do título.

PROPOSTAS DE MELLORA:	
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Na memoria nova do título valóranse como suficientes os recursos dispoñibles na facultade (especialmente logo de que estes fosen actualizados no curso pasado, con vistas a apoiar no ensino semipresencial).	A docencia semipresencial require dun investimento mínimo en infraestruturas que, aínda que podería ser mellorado, consideramos suficiente no momento actual.

Resultados previstos							
<i>Valorarase o criterio de "Resultados previstos" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e as directrices de "Análise e utilización dos resultados para a mellora dos programas formativos" e "Publicación da información e rendición de contas sobre os programas formativos" do Programa FIDES-AUDIT.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:							
<p>1. O punto de partida do comentario deste apartado é a indicación de que o título obxecto de avaliación está sendo sometido a nova verificación, logo de que a súa comisión académica elaborase unha nova memoria. Esta foi xa aprobada por todos os órganos da USC pertinentes e no momento actual (outubro de 2014) vai ser enviada á ACSUG para a súa valoración.</p> <p>2. Os indicadores asociados con este apartado amosan cifras semellantes á media USC na maior parte dos casos, lixeiramente inferiores os IN34M-S01-PM-01, IN36M-S01-PM-01 pero próximos en cifras, idéntico o IN35M-S01-PM-01 e superior o IN38M-S01-PM-01. Só hai un dato excepcional que cómpre explicar: moito menos satisfactorio a respecto da media da Universidade é o IN37M-S01-PM-01, que se ocupa da taxa de graduación, e que ten que ver co elevado número de persoas que comezaron o noso máster o curso pasado e non presentaron aínda o Traballo Fin de Máster e ocasionalmente non superaron todas as materias.</p> <p>3. Tampouco é favorable, e está na mesma liña que o anterior, o IN41M-S01-PM-01. En concreto e unha vez asinadas as actas da oportunidade de setembro (finais de outubro de 2014), constatamos que dos 18 alumnos que debían presentar o TFM en total, na liña investigadora (contando coas persoas que estaban pendentes de facelo por cursaren o máster a tempo parcial, comezando no curso 12-13) temos tres renuncias, pois outros catro alumnos decidiron adiar a defensa para o vindeiro curso. Cremos que esta circunstancia ten que ver coa elevada carga de traballo que se lles esixiu e que xa comentamos por extenso na valoración doutros conceptos. As modificacións que se propoñen no momento actual consistentes en semestralizar o título e transformalo en semipresencial mellorarán sen dúbida o comportamento destes indicadores. En calquera caso, e dado que este é o primeiro curso en que se detecta unha elevada taxa de abandono, cremos prematuro procurar explicacións <i>ad hoc</i> para unha circunstancia puntual que pode non volver producirse. A modificación do título incidirá na mellora deste indicador.</p> <p>4. Máis difícil é xustificar que na liña investigadora teñamos catro alumnos matriculados e dúas renuncias. Cremos que o perfil especial do alumnado que</p>							

decide facer unha tese nas áreas humanísticas ou de ciencias sociais, moitos dos cales son persoas laboralmente activas ou con responsabilidades doutra índole e por tanto que non poden atender a todo, pode explicar esta circunstancia. Tamén a elevada carga de traballo que supón o título unha vez desenvolvido pode ter incidencia nesta cuestión. A modificación do título incidirá na mellora deste indicador.

- Entendemos ademais que a valoración dos resultados previstos ten que ser positiva, dado o bo comportamento dos indicadores IN19M-PC-09 (satisfacción dos estudantes dos programas de prácticas externas), IN23M-PC-12 (satisfacción dos egresados coa información pública disponible) e IN46M-S01-PM-01 (satisfacción do alumnado coa docencia recibida), todos eles semellantes en cifras á media dos títulos da USC e susceptibles tamén, todos eles, de ser obxecto dunha lectura positiva. Estes datos teñen unha lectura máis positiva se cabe de termos en conta o feito de que a porcentaxe de alumnos que responden á enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida é moi superior á media da USC (IN48M-PM-02).

BOAS PRÁCTICAS:

- As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, semestralización, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título.
- Intervención para mellorar a calidade de todos os procesos que inciden en que o alumnado obteña resultados máis exitosos: apoio na elaboración do TFM a través das guías docentes, adianto na adxudicación de titor académico e de localización para as prácticas, creación da figura de coordinador/a de docencia, etc.
- Elaboración dunha memoria nova para o título que permite valorar con datos actualizados as cuestións asociadas a este aspecto.

PROPOSTAS DE MELLORA:

Deseño e realización de cando menos dúas enquisas, unha no momento do acceso ao título e a outra entregada ao alumno/a cando este defende o seu Traballo Fin de Máster, que nos permita coñecer con detalle as circunstancias asociadas ao seu percorrido académico previo e actual.

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
As substanciais modificacións que se efectuarán na memoria e por tanto no título (modificación do plan de estudos, semestralización, semivirtualización, apertura a novas áreas de coñecemento, creación de dúas especialidades) mellorarán sen dúbida os resultados efectivamente obtidos.	Os resultados académicos son como o seu nome indica froito do proceso formativo.

Sistema de garantía da calidade							
<i>Valorarase o criterio de "Sistema de garantía de calidade" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010) e o Sistema de Garantía Interna da Calidade (SGIC) do Centro.</i>							
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio							
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais	D
<p>Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:</p> <p>1. O "Informe provisional de avaliación do deseño do SIGC da Facultade de Humanidades (2 de febreiro de 2012) así como o informe positivo da ACSUG do 20 de abril de 2012 supuxeron o final do proceso de implantación do SGIC no centro. Para o curso obxecto de avaliación confeccionáronse os respectivos programas e guías docentes de cada materia, en función tanto dos requirimentos do SGIC como dos compromisos adquiridos pola Facultade canto á planificación do ensino e competencias. No que se refire ao Máster en Servizos Culturais, programas e guías do curso 2013-14 foron obxecto de avaliación pola Comisión Académica a fin de comprobar que os criterios establecidos se estaban cumprindo, e estas guías aparecen na páxina web da facultade.</p> <p>2. Ademais, os alumnos foron recibidos ao principio do curso 2013-14 nunha sesión na que lles foi achegada cunha carpeta con información sobre os horarios das materias, sobre a facultade en xeral, sobre as prácticas, localización do profesorado e principais prazos aos que debían axustarse. No que se refire ao presente título e dada a anomalía persistente aínda da súa estrutura trimestral, o feito de proporcionar ao alumnado esta información nos primeiros días do curso revelouse especialmente importante. O mantemento dun bo resultado no indicador relativo ao grao de satisfacción do alumnado coa docencia recibida (3,73 sobre 4) revela, cremos, un acertado tratamento desta cuestión.</p>							
<p>BOAS PRÁCTICAS:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. As sinaladas como propostas de mellora asociadas a esta cuestión no informe de seguimento do curso anterior: investimento na divulgación do título a través de formatos electrónicos, accións de aproximación a contextos e profesionais da xestión cultural real, semestralización, deseño e realización dunha política específica de captación de alumnado para o título. 2. Elaboración dunha memoria nova para o título que reorganiza e actualiza as cuestións ligadas con este indicador. 							
<p>PROPOSTAS DE MELLORA:</p> <p>Deseño e realización de cando menos dúas enquisas, unha no momento do acceso ao título e a outra entregada ao alumno/a cando este defende o seu Traballo Fin de Máster, que nos permita coñecer con detalle as circunstancias asociadas ao seu percorrido académico previo e actual.</p>							

BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS	XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS
Na memoria modifícase este apartado no sentido de dotalo dunha maior claridade.	Conseguir que o proceso formativo teña máis garantías para o/a estudante e estea máis titorizado.

Calendario de implantación						
<i>Valorarase o criterio de "Calendario de implantación" da memoria para a solicitude de verificación de títulos oficiais (anexo I do Real Decreto 861/2010).</i>						
Valoración xeral do grao de cumprimento do criterio						
Satisfactoria	A	Suficiente	B	Insuficiente	C	Ausencia de evidencias documentais
Reflexión (xustificación da valoración)/Conclusións:						
<p>1. A implantación do título realizouse conforme ao establecido na memoria inicial do máster sen incidencias significativas. O curso 2013-14 tivo lugar a quinta edición do título de acordo co plan novo RD 1393.</p> <p>2. Con respecto á proposta de mellora incluída no informe de autoavaliación do curso pasado, "Xestionar coas autoridades académicas o adiantamento do calendario oficial do proceso de admisión do alumnado" e como xa indicamos na reflexión sobre o criterio "Resultados previstos", cómpre sinalar que non foi posible intervir sobre este proceso, pois estaba máis alá das responsabilidades das persoas que xestionan o título.</p>						
BOAS PRÁCTICAS:						
As sinaladas no curso pasado.						
PROPOSTAS DE MELLORA:						
BREVE DESCRICIÓN DAS MODIFICACIÓNS				XUSTIFICACIÓN DAS MODIFICACIÓNS		

4.- ACCIÓNS LEVADAS A CABO ANTE AS RECOMENDACIÓNS ESTABLECIDAS NO INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN E NOS SUCESIVOS INFORMES DE SEGUIMIENTO.

INFORME FINAL DE VERIFICACIÓN	
Recomendacións establecidas no informe final	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Non houbo recomendacións no informe final de verificación do 26/07/2009.	En calquera caso, esta segunda edición do Máster, cuxo plan de estudos elaborou a Comisión Académica do Máster (nos cursos 2007-2008 e 2008-2009), xa supón unha modificación do POP en Servizos Culturais, e polo tanto, unha mellora e unha adaptación ao RD 1393/2007.

INFORMES DE SEGUIMIENTO (indicar o ano)	
Recomendacións establecidas no informe de seguimento	Accións levadas a cabo (incluíndo datas, responsable, estado, ...)
Informe final seguimento da ACSUG do 31 de xullo de 2012. (curso 2010-2011) *No está publicada la tasa de éxito.	A comisión académica do máster e a Vicerreitoría de Calidade comprobaron o acceso á información pública sobre a taxa de éxito (20/07/2012). Funciona o enlace sen problemas.
Informe final seguimento da ACSUG do 31 de xullo de 2012. (curso 2010-2011) *No está publicada el programa de prácticas externas.	A comisión académica comprobou que o alumnado non tiña acceso ao programa de prácticas externas. A coordinadora do Máster e a responsable de apoio da Facultade insistion aos departamentos en setembro de 2012 para que se puidera visualizar o documento. No curso actual visualízase sen incidencias.
